

Soutomaior **#IMPARABLE**
Fronte as Violencias Macistas



Inscripcións en liña

<https://gabinetesoutomaior.com/index.php/inscricions-menu/inscricions-en-lina>

- OBRADOIRO DE XOGOS NA IGUALDADE (4 - 12 anos)
- OBRADOIRO PARA HOMES
- OBRADOIRO PARA MULLERES
- CONCERTO CINTA ADHESIVA (Reserva de butacas)



Centro Multiusos , Arcade
cim@soutomaior.es
986 701 227



CIM SOUTOMAIOR

#IMPARABLES

E TI... QUE FAS POLA IGUALDADE?

25N
DÍA INTERNACIONAL
CONTRA A
VIOLENCIA
MACHISTA



Concello Soutomaior



MÁS INFO CC CIM

PROGRAMACIÓN

25 novembro de 2018

#IMPARABLES

ESPAZO DE CONCENTRACIÓN E CONVIVENCIA:
CENTRO MULTIUSOS

- 16:30 - 20:00 h - ESPAZO DE BIBLIOTECA
PARA A IGUALDADE
(Literatura adultos, xuvenil e crianzas)

- 16:45 - 18:15 h - OBRADOIROS GUEPARD@S IMPARABLES
(Xogos na Igualdade) máis info: www.gabinete.soutomaior.com
- Grupo de 4 a 7 anos
- Grupo de 8 a 12 anos

- 18:15 - 18:50 h - CONTACTOS INFANTIL

- 16:30 - 18:30 h - OBRADOIROS PARA HOMES
"Homes con corazón"

Ao longo da nosa vida, aprendemos unha serie de comportamentos por ser homes: "os nenos non choran", "ti es o rei da casa", "es forte e podes con todo"... Ser homes tal e como manda esta sociedade, ás veces, é unha carga para nós e fainos sufrir... Moitos sentimos que precisamos revisar eses roles aprendidos. Queremos reformular estereotipos que nos limitan e ver como recolocarnos desde outras masculinidades posibles.

HOMES CON CORAZÓN é un espazo para escoitarnos e compartir esas outras maneiras diferentes de ser homes neste mundo...

Un espazo para ver que cousas -das que nos transmitiron- van ben na nosa vida e nos conveñen nas nosas relacións... e que cousas non me gustan, me sacan enerxía ou me mancan, e adquirir ferramentas para cambialas.

Un espazo para ver como colocarnos desde os coidados e o bo trato para nós mesmos e nas nosas relacións. Como colocarnos para unha vida e uns vínculos que me fagan ben e me nutran...

INSCRIPCIÓN
PREVIA
EN LIÑA

- 16:30 A 18:30 h - OBRADOIRO PARA MULLERES

Creación dun mural colectivo de repulsa contra a violencia machista, onde poidamos expresar en sororidade o noso sentir e a nosa implicación persoal con este tema que nos atañe a todos e todas.

Representar e reflexionar en grupo como mulleres, en creación artística e sororidade, o proceso como estado permanente, por medio da pintura unha idea común sobre:

- Cales son as causas que nos levaron e nos levan a adicar o noso esforzo a un cambio que mellore a nosa situación como mulleres nesta sociedade patriarcal.
- Cal é o momento que vivimos con respecto as desigualdades sociais e laborais no binomio home-muller.
- Cales son as metas o noso alcance que precisan da nosa confianza e vontade para realizar a práctica integral da igualdade e o cambio social.

- 18:30 h - PETISCOS E COLGADA COLECTIVA DO MURAL

- 19:00 h - CONCENTRACIÓN DE PARTICIPANTES E LECTURA
DO MANIFESTO INSTITUCIONAL CONTRA
A VIOLENCIA MACHISTA

- 19:10 h - CONCERTO CINTA ADHESIVA

- EXPOSICIÓN "CARTAS DE AMOR" 15 ARTISTAS
CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

RESERVA
DE ATA 3
BUTACAS

INSCRIPCIÓN EN LIÑA E PRAZAS LIMITADAS
EN TODOS OS OBRADOIROS.